



BONOS CORAZÓN CONCHEIROS

**SE TES UN COMERCIO
OU UN LOCAL DE HOSTALERÍA
ABÓNATE Á CAMPAÑA**



+info: bonoscorazoncompostela.gal

1. QUE SON OS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

O programa de Bonos Corazón Concheiros é unha iniciativa do Concello de Santiago que ten por obxectivo incentivar a actividade económica mediante o cofinanciamento de **bonos para o consumo no comercio e na hostalería da rúa dos Concheiros e da contorna**.

2. COMO FUNCIONAN OS BONOS CORAZÓN CONCHEIROS?

Cada cliente poderá descargar ata **3 bonos cofinanciados nun 40% polo Concello de Santiago** e nun 60% pola persoa solicitante. Hai tres tipos dispoñibles:

- **Bono de 75 €** (IVE incluído): 45 € ponos o usuario, 30 € o Concello.
- **Bono de 50 €** (IVE incluído): 30 € ponos o usuario, 20 € o Concello.
- **Bono de 30 €** (IVE incluído): 18 € ponos o usuario, 12 € o Concello.

Cadaquén poderá escoller libremente entre calquera das 3 modalidades, sendo posible solicitar máis dun bono da mesma clase.

O importe dos bonos irase consumindo nas compras de bens ou de servizos realizadas nos establecementos adheridos ao programa **antes do 31 de maio de 2022**, ata o esgotamento do saldo.

3. QUEN PODE ADHERIRSE AO PROGRAMA?

Todos os establecementos comerciais e de hostalería (pemes ou autónomos) que desenvolven a súa actividade nas seguintes rúas:

- Rúa de San Pedro
- Cruceiro de San Pedro
- Rúa dos Concheiros
- Fonte dos Concheiros

- Bonaval
- Rúa do Rosario
- Rúa da Angustia
- Rúa do Home Santo
- Rodríguez de Viguri
- Avenida de Lugo
- Avenida de Quiroga Palacios
- Costa do Vedor
- Ruela das Fontiñas
- Ponte da Raiña
- Rúa da Batalla de Clavijo
- Rúa de Triacastela

4. COMO SUMARSE AO PROGRAMA?

Entra na web

www.bonoscorazoncompostela.gal

e rexistra o teu negocio indicando os seus datos.

5. COMO SE REALIZARÁ O COBRO DOS BONOS?

As persoas beneficiarias dos bonos realizarán o pago das súas compras no establecemento cun código QR a través da aplicación do programa.

Os negocios recibirán semanalmente o importe equivalente aos bonos trocados a través da conta indicada no proceso de inscrición.

O límite máximo de bonos para trocar nun establecemento está fixado en 15.000 euros (IVE incluído). A través da plataforma do programa, cada negocio asociado poderá consultar o seu histórico de vendas, os pagamentos realizados e demais detalles de cada operación.



**ENTRA XA EN
WWW.BONOSCORAZONCOMPOSTELA.GAL
E REXÍSTRATE!**



+info: bonoscorazoncompostela.gal